

FEIRA FRANCA E MONTE DO GOZO: GRATUIDADE EFICIENTE, GRATUIDADE INEFICIENTE

A pasada fin de semana celebráronse dous eventos chamados a ser a priori de afluencia multitudinaria: a Feira Franca en Pontevedra, e o concerto MTV Galicia 2010 no Monte do Gozo. Ambos eventos eran gratuitos, o interese que suscitaban era moi alto entre a poboación, e sen embargo, o resultado en termos de éxito participativo foi diametralmente oposto: a festa medieval volveu encher as rúas de Pontevedra de milleiros de persoas, cada ano en número superior, con ánimo de disfrutar dun día de diversión nas rúas da cidade; e pola outra banda, o concerto en Santiago quedou por debaixo de todas as expectativas, con apenas dous terzos –sendo xenerosos- do aforo do recinto, cando se agardaba un auténtico colapso.

Vaia por diante, para os non moi entendidos en actualidade musical, que o problema non estaba no cartel do concerto: probablemente Arcade Fire é a mellor banda do momento, e para os máis veteranos, Echo and the Bunnymen son un mito da música dos oitenta. Máis aínda, dado o seu carácter gratuito e a que é o primeiro –e polo de agora único- concerto da banda canadense na península, o evento era unha ocasión única para os fans de España e Portugal de achegarse a Santiago. Todos agardaban un éxito total o domingo, mais entón, que fallou?

Unha das mellores definicións de Economía é a do economista británico Lionel Robbins: “A economía comprende a conducta humana como a relación entre uns fins (ilimitados) e uns medios escasos que teñen usos alternativos”. O principio da escasez determina a necesidade de organizar, do xeito máis eficiente posíbel, as relacións humanas de produción e asignación da riqueza. A Feira Franca admite a participación de todos os veciños e turistas que se acheguen á zona vella lerezana, a máis extensa de todas as vilas galegas. Por iso, a ciencia económica pouco ten que aportar nese caso, e a gratuidade permite que todo o que desexe achegarse a Pontevedra poida disfrutar da festa. O concerto, en cambio, celébrase nun aforo limitado. E cando os medios son escasos, a ciencia económica entra en xogo.

O apropiado para garantir o éxito do concerto tería sido cobrar entrada, calquera que fose o importe, e non facelo gratuito. É unha paradoxa, máis ten a súa explicación. A gratuidade ten sentido cando a expectativa de asistentes é claramente inferior á capacidade do recinto. En canto haxa dúbidas a ese respecto (non hai máis que ler a prensa dos días anteriores, e as excusas do Conselleiro), moitos dos potenciais asistentes valorarán os custos de desplazarse desde Vigo, Aveiro ou Salamanca ata Santiago e quedar sen ver o concerto. Polo tanto, só os que estexan dispostos a asumir ese risco tomarán a decisión de ir. Poñerlle un prezo a ese risco faría que os interesados tivesen a certeza de poder asistir de antemán.

Podería extenderse a análise para considerar cómo infúen as asimetrías de información ou a teoría de xogos nestas decisións: boa mostra é que cando a banda de Liverpool principiaba con ‘Rescue’ a asistencia era a mesma que cando remataban os bises de Arcade Fire, case tres horas máis tarde. Pero o certo é que había dúas posibilidades ben paradóxicas de conseguir o éxito do evento: ampliar a capacidade do recinto –algo ben doado de conseguir no Monte do Gozo, o día que se decidan a retirar eses ‘asentos’ de formigón- ou vender entradas a calquer prezo (serviría un euro, por exemplo). Daquela, o concerto do domingo en Santiago tería rexistrado seguramente un cheo a reventar.